

RICARDO CARVALHO CALERO. LETRAS GALEGAS 2020

TEMA 2

UNIVERSITARIO EN SANTIAGO (1926-1932) E REGRESO A FERROL (1932-1936)

UN ESTUDANTE EXEMPLAR

En 1926 chega Carvalho Calero a Santiago de Compostela para iniciar os estudos universitarios. Malia a súa paixón pola lingua e a literatura, matricúlase na carreira de Dereito, quizais por ter unhas mellores perspectivas laborais e un maior status profesional e social.

Durante os seus anos composteláns, Carvalho Calero vivirá en varias pensións da zona vella da cidade: Fonte de San Miguel, Tránsito dos Gramáticos, Acibechería, rúa da Troia... A situación económica familiar, que nos últimos anos mudara a peor, obrigaba a buscar aloxamentos modestos, lonxe de hoteis e mesmo de residencias universitarias.

Ao incorporarse á vida universitaria, agroma un sentimento de veneración por ese recinto de cultivo ao saber e de busca da verdade que o acompañará toda a vida. Naquel momento xorde en Calero a idea incorporarse algún día como profesor a aquela institución que o fascina, aínda que terán que pasar case corenta anos para que esa ilusión se faga realidade.

Na facultade ten como profesores figuras de relevancia no ámbito do ensino universitario como Armando Cotarelo Valledor, Ciriaco Pérez Bustamante, Abelardo Moralejo Laso, Salvador Cabeza de León ou Ramón Gallego, dos que Calero sempre destacará a súa calidade docente e humana. E pese a non estudar Dereito por vocación, as súas notas son brillantes durante toda a carreira (13 matrículas de honra, 3 sobresalientes e un notable), que remata en catro anos en lugar dos cinco habituais.

Non só iso: involúcrase no asociacionismo estudantil e acaba sendo presidente da Asociación de Alumnos de Dereito e da delegación compostelá da Fundación Universitaria Escolar (FUE), e ao rematar a carreira será o encargado de ler o discurso de graduación en nome de todos os seus compañeiros. Ademais, durante os anos en Compostela dedicará parte dos seus esforzos a conseguir melloras e dereitos para o alumnado: un sistema de bolsas máis xusto, a prohibición da entrada das forzas de seguridade no recintos académicos, a galeguización da universidade (nun labor conxunto con outro persoeiro das nosas letras, Álvaro Cunqueiro)...

Calero obtén o seu título universitario en xuño de 1931, con só vinte anos. Dous meses antes, en abril, proclamárase a II República, de modo que pertence á primeira promoción de

avogados deste novo período da Historia de España que abría novas perspectivas de progreso e liberdade tras un período ditatorial de sete anos. Non obstante, tan só cinco anos despois a ilusión quedaría truncada de raíz polo golpe de estado de 1936, a guerra civil posterior e unha nova ditadura que desta volta duraría case catro décadas.

A maiores das súas ocupacións como estudante e representante do resto do alumnado, neste tempo en Compostela Calero non abandona a creación literaria e colabora en revistas da época como *A Nosa Terra*, *Papel de Color* e *Resol*, ademais de publicar dous libros de poemas: *Trinitarias* (1928), escrito en castelán; e *Vieiros* (1931), en galego.

Durante os anos universitarios coñece tamén a que será a súa muller, María Ignacia Ramos, unha estudante procedente de Lugo que cursaba Filosofía e Letras na sección de Historia (cando aínda a presenza feminina nos estudos superiores era excepcional). Ambos coincidiron nunha materia común para esta carreira e mais Dereito, e así se iniciou unha relación que durará máis de sesenta anos, ata a morte do escritor en 1990.

María Ignacia Ramos desenvolveu algún traballo literario, como a obra teatral *Avoas na modista*, e tamén colaboracións periódicas nas revistas *Grial* e *Vida Gallega*, ás veces baixo o pseudónimo de *María Silgar*.

PRIMEIROS CONTACTOS CO GALEGUISMO

Ao pouco da súa chegada a Santiago, Carvalho Calero pasa a formar parte do proxecto do Seminario de Estudos Galegos (SEG), creado en 1923 por un grupo de docentes e intelectuais co obxectivo dar a coñecer o patrimonio cultural galego e formar novos investigadores. Os dous primeiros presidentes da institución, Armando Cotarelo Valledor e Salvador Cabeza de León, eran profesores da facultade de Dereito en que cursa estudos Calero, que chegará a ser secretario do Seminario.

Os seus primeiros contactos co mundo da lingüística teñen lugar dentro do Seminario, onde asiste a un curso de fonética histórica impartido por Lois Tobío, outro estudante universitario maior ca el. E neses mesmos anos inicia a súa relación cos membros do grupo Nós, un colectivo de escritores que dinamizou e dignificou a vida literaria e cultural galega dun modo en que non se fixera ata entón.

Dese grupo formaban parte Otero Pedrayo, Castelao, Vicente Risco, Antón Losada Diéguez e Florentino Cuevillas, aos coñece a través do Seminario de Estudos Galegos. En 1928 Calero publica os seus primeiros traballos na revista *Nós*, órgano de difusión do grupo, e sempre destacará o maxisterio que sobre el exerceron os integrantes deste colectivo, especialmente Castelao e, aínda máis intensamente, Otero Pedrayo.

Deste xeito, Calero vaise integrando no ámbito do galeguismo, un marco profesional e vital que xa non abandonará no resto da súa vida, pese ás dificultades que se irían presentado polo camiño, entre elas nin máis nin menos que unha guerra civil. En Compostela fai amizade con outros mozos que, coma el, teñen inquedanza por investigar e dar a coñecer a realidade galega, como Francisco Xosé Filgueira Valverde, Antonio Fraguas, Sebastián González, Bouza Brey, Francisco Fernández del Riego, Domingo García Sabell, Carlos Martínez Barbeito, Álvaro Cunqueiro... ademais do citado Lois Tobío.

Con eles pasea decote pola zona vella de Santiago, e tamén polo parque da Alameda, e de cando en vez déixase ver entre os asistentes ás conversas do bar Derby, na porta da Mámoa, epicentro do galeguismo cultural compostelán, onde máis que falar escoita o que os máis veteranos teñen a ben comentar; especialmente don Ramón Otero Pedrayo, a quen Calero considera o intelectual mellor dotado para a oratoria, a conversa e a improvisación.

Carvalho Calero definiuse toda a vida como un membro da xeración do Seminario de Estudos Galego, e o seu vínculo coa institución non desapareceu nunca, agás durante o período en que tivo que cumprimentar o servizo militar no cuartel do Hórreo de Santiago (1931-1932), ata a disolución da entidade, como tantos outros proxectos, ao comezar a guerra civil.

REGRESO A FERROL (1932-1936)

En 1932, unha vez rematados a carreira de Dereito e mais o servizo militar, Carvalho Calero deixa Santiago de Compostela e volve fixar a súa residencia novamente en Ferrol. Acompañao tamén a súa noiva, María Ignacia, con quen ten a intención de casar en breve e coa que se instala no número 183 da rúa Real (chamada Sinfiriano López durante a época republicana) da cidade departamental.

Pouco motivado para emprender carreira profesional na avogacía, decide presentarse a unhas oposicións para o corpo administrativo do Concello de Ferrol coa perspectiva de estabilizar a súa economía. Como era de agardar (estaba moito máis preparado que o resto de aspirantes, a maioría sen formación universitaria), Calero obtén o primeiro posto nas probas e en abril de 1933 pasa a formar parte do cadro de persoal municipal. E en outubro dese mesmo ano casa na igrexa de Santiago de Baleira (Lugo), de onde era orixinaria a familia de María Ignacia.

Pero a súa incesante actividade vai máis alá das obrigas laborais: colabora en varios medios de comunicación, segue publicando libros de poesía (*La soledad confusa* en 1932 e *O silencio asionllado* en 1934) e, sobre todo, prepara as materias para a obtención dunha segunda

titulación universitaria: Filosofía e Letras, a que sentía como verdadeira vocación. Ata tal punto foi así que en 1935 solicitou unha excedencia no seu traballo para preparar os últimos exames da carreira e para presentarse ás oposicións de profesor de secundaria, a súa grande aspiración naquel momento.

Deste modo, a finais de 1935 obtén o seu segundo título universitario, licenciado en Filosofía e Letras. Desde ese momento centra os seus esforzos en preparar a complicada oposición a mestre de instituto. E para dispoñer duns mínimos ingresos, asemade imparte clases no Centro de Enseñanza General de Ferrol.

En xuño de 1936, marcha a Madrid para se presentar aos exames da oposición, centralizados alí para todo o ámbito nacional. Naquel momento a súa muller está embarazada, polo que deciden que María Ignacia quede en Lugo atendida pola súa familia mentres el concorre á oposición. Así que ambos collen o tren ata a cidade das murallas e alí Ricardo despídese da súa muller para continuar a viaxe cara á capital de España.

A previsión é que aquela separación non dure máis dun mes, talvez dous se as cousas van ben e o aspirante vai superando as sucesivas probas da oposición. Pero entrementes comeza a guerra civil, e Carvalho Calero iniciará un duro periplo como soldado e despois como prisioneiro que o manterá lonxe de Galicia durante cinco anos. Por este motivo, aínda que o mesmo día en que comeza a guerra ten noticia do nacemento da súa primoxénita, Margarita (a quen alcumarán cariñosamente *Magalí* no ámbito familiar), non poderá coñecela ata o seu regreso en 1941.

Pero antes daquela fatalidade o mozo Ricardo, que en 1936 ten aínda vinte e cinco anos, obtén a súa praza de mestre de bacharelato tras aprobar todos os exames. Porén, as circunstancias históricas do país farán que nunca se lle recoñeza a praza obtida e teña que presentarse de novo ás mesmas oposicións trinta anos despois.

POSICIONAMENTO POLÍTICO

Carvalho Calero chega ao mundo da política a través da cultura, como lles sucedeu a moitos dos intelectuais galeguistas destacados durante o período previo á guerra civil. O propio Calero recoñeceu máis dunha vez que entrara en política «como vía para tratar de resolver os problemas culturais de Galicia».

Dentro da política, atopa o seu espazo no ámbito do nacionalismo, unha corrente ideolóxica que defende a singularidade de Galicia como territorio lingüístico, histórico e cultural diferente do resto de España, e que aspira á súa independencia e recoñecemento como Estado propio. Calero toma contacto co nacionalismo xa no seu período de estudante en

Compostela, pero será nesta segunda etapa ferrolá onde se manifeste en maior medida. Así, ao seu regreso a Ferrol en 1932 traballa na consolidación do movemento nacionalista na cidade, da man de Xaime Quintanilla (daquela xa alcalde) e Rodrigo Sanz López.

Todas as correntes nacionalistas daquela época conflúen nunha mesma forza chamada Partido Galeguista, na que Carvalho Calero se integrará desde a súa fundación en decembro de 1931 e na que mesmo exercerá cargos de relevancia, como membro do consello (con vinte e cinco anos, era o máis novo de todos) e como presidente da mesa. Será o único partido do que forme parte ao longo da súa vida, pois tras a guerra civil non volverá ter actividade política visible.

Dentro do amplo espectro de ideoloxías que formaban parte do Partido Galeguista, Calero alíñase coa tendencia situada máis á esquerda, é dicir, a máis progresista e a que solicita maiores competencias e capacidade de decisión para Galicia. Para concretar esas esixencias, o comité do partido decide elaborar un anteproxecto de Estatuto que logo se levará ao Congreso dos Deputados a Madrid; o encargado da redacción dese anteproxecto será Carvalho Calero, en colaboración con Lois Tobío.

Calero desenvolve neses anos unha continua actividade política que o leva a participar en mitins a favor do Estatuto, a publicar artigos de opinión en diferentes xornais (sobre todo en *El Correo Gallego*), e a apoiar os candidatos da Fronte Popular, a coalición en que se integra o Partido Galeguista para as eleccións de 1936, as últimas antes da guerra civil.

Esta incesante actividade e mais a súa participación como soldado durante a guerra serán os motivos polos que, cando se consolida a ditadura franquista, Carvalho Calero vai pasar un tempo no cárcere e moito máis tempo aínda en liberdade provisional e coa prohibición de dar clase no ensino público.